

Anxel Casal: cultura e corazón

Anxo Tarrío Varela

Unha serie de acontecementos amoreados pola actualidade máis recente e dolorosa parece que quere aglutinarse arredor dunha data que por fin alguén tivo a luminosa idea de recordarnos, neste país tan afeito a necrolóxicas que, por moi merecidas que sexan, nunca o serán máis cás que se están a entoar estes días, e concretamente hoxe, 17 de decembro, cando se cumpren cen anos do nacemento dun home humilde e de talla moral posta a proba mil veces. Un home que, caladamente, foi das persoas máis entregadas á cultura galega, sen estridencias, dende a amabilidade e o labor constante, sen fanfarrias, sen vaidades nin esixencias persoais de ningún tipo. Un home continuamente arruinado polas aventuras culturais que unha e outra vez emprendía. Tal foi Anxel Casal Gosende, a quen o Concello de Compostela impuxo onte a Medalla de Ouro ao Mérito Cidadán e Cultural.

Foi el tamén Concelleiro e Alcalde de Compostela por un pouco de tempo, o pouco que os seus asasininos lle permitiron vivir dempois da victoria nas urnas, en febreiro de 1936, da Fronte Popular. Pero antes diso xa levara a cabo unha actividade inmorredeira a prol do libro galego.

Todo os testemuños e testemuñas que nos falan de perto ou de lonxe de Anxel Casal coinciden en debuxárnolo entregado totalmente á causa da cultura e, máis concretamente, da cultura galega; optimista e amábel; animoso e xovial; endexamais queixoso das penurias económicas polas que tivera que pasar durante a súa curta vida; honestísimo, sen fírgoas e cun corazón desbordante.

Pero non vou abouzar o meu lector con datos sobre a súa vida, pois pode atopalos todos xuntos na magnífica monografía que hai xa doce anos escribira para as Edicións do Castro outro home incansábel e sabio, Francisco Fernández del Riego, amigo do agora homenaxeado, que soubo reunir nun libro titulado *Anxel Casal e o libro galego* (1983) moito do que sobre aquel home exemplar cómpre saber.

A firma da paz nos Balcáns e a súa contrapartida na barbarie da panda asasina ETA (ensaiada unha vez máis o pasado luns para producir dor gratuita en familias de traballadores anónimos) parecen producirse estes días para que recordemos mellor o crime que se cometeu con Anxel Casal e para nos poñer o ánimo propenso á reflexión e sensíbel diante do horror e do sufrimento polos que tiveron que pasar centos de miles de seres humanos en aras do fanatismo.

Dende logo, é ben certo que tan só a través da cultura poderemos algún día habitar un mundo mellor, pero non nos enganemos: os asasinos e quen os apoian nesa sombra tan visíbel e os defenden e lles chaman patriotas, son tamén moitas veces xente culta, mesmo moi culta e refinada. Por iso non abonda coa cultura cerebral inducida dende o exterior, dende o espectáculo, o libro ou calquera dos soportes que hoxe encerran o mellor da creación humana. Cómpre cultivar asemade os sentimentos e a tenrura, aquilo que antes se chamaba o corazón, porque de nada nos vale sermos moi cultos, moi lidos, moi eruditos e moi entendidos en moitas cousas se temos o corazón cheo de lixo, insensíbel á dor allea nas súas múltiples manifestacións.

Moitas veces un analfabeto nos dá leccións de humanidade. Nós, os listiños e cultos, debemos facilitarlle a ese analfabeto o acceso ao mundo da cultura, dende logo, pero deixándonos enchoupar ben da luz que pode desprender o seu corazón. Non parece que haxa outro camiño mellor, polo menos de momento.